



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliacións medias en febreiro de 2023**

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de febreiro do ano 2023 acadou a cifra de 1.035.824 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xaneiro de 2023 de 5.086 afiliacións (0,49%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.170.142, rexistrando un aumento do 0,44% con respecto ao pasado mes de xaneiro.

Na comparativa interanual (febreiro de 2023 con febreiro de 2022) obsérvase un aumento de 9.678 afiliacións no total do sistema en Galicia (0,94%) e un aumento do 2,42% (475.870 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xaneiro de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas; sendo Illes Balears, Cataluña, La Rioja, Aragón e Galicia as que presentan subidas relativas superiores á media nacional, destacando Illes Balears cunha taxa intermensual do 2,61%. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias, Illes Balears e Madrid con taxas interanuais superiores ao 3,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2023	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>20.170.142</b>	<b>88.918</b>	<b>0,44</b>	<b>475.870</b>	<b>2,42</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.035.824</b>	<b>5.086</b>	<b>0,49</b>	<b>9.678</b>	<b>0,94</b>
Andalucía	3.289.347	7.042	0,21	67.993	2,11
Aragón	590.613	3.201	0,54	6.460	1,11
Asturias	368.664	550	0,15	1.036	0,28
Illes Balears	463.606	11.792	2,61	20.792	4,70
Canarias	867.703	2.106	0,24	44.066	5,35
Cantabria	221.279	627	0,28	1.838	0,84
Castilla La Mancha	745.095	303	0,04	5.428	0,73
Castilla y León	933.054	3.606	0,39	9.572	1,04
Cataluña	3.603.745	25.603	0,72	99.985	2,85
Comunitat Valenciana	2.049.315	7.836	0,38	51.705	2,59
Extremadura	399.564	906	0,23	1.243	0,31
Madrid	3.508.732	11.690	0,33	131.155	3,88
Murcia	626.012	2.300	0,37	6.575	1,06
Navarra	298.708	1.218	0,41	4.227	1,44
País Vasco	988.149	3.834	0,39	12.075	1,24
La Rioja	133.469	809	0,61	1.423	1,08
Ceuta e Melilla	47.261	410	0,88	621	1,33

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas agás en Lugo. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,41%, o que supón 6.232 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (0,80%) e Ourense (0,68%). Pola contra, Lugo presenta unha taxa de variación interanual negativa (-0,10%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de febreiro con respecto ás do mes de xaneiro, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,49%. A Coruña presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 0,59%, seguida de Ourense (0,48%), Pontevedra (0,42%) e Lugo (0,37%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	448.062	2.635	0,59	6.232	1,41
LUGO	121.753	444	0,37	-127	-0,10
OURENSE	103.511	498	0,48	697	0,68
PONTEVEDRA	362.498	1.510	0,42	2.876	0,80
<b>GALICIA</b>	<b>1.035.824</b>	<b>5.086</b>	<b>0,49</b>	<b>9.678</b>	<b>0,94</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.170.142</b>	<b>88.918</b>	<b>0,44</b>	<b>475.870</b>	<b>2,42</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,35% das afiliacións galegas en febreiro de 2023, aumentou un 0,62% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 1,60%. En España estas taxas foron do 0,51% con respecto a xaneiro de 2023 e do 2,95% en relación ao mes de febreiro de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,72%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Lugo (-2,31%), Ourense (-2,23%), A Coruña (-1,21%) e Pontevedra (-0,88%). A media da comunidade galega sitúase entón no -1,39%. Para este réxime e con respecto ao mes de xaneiro de 2023, suben Pontevedra (0,15%) e A Coruña (0,03%) e baixan Lugo (-0,09%) e Ourense (-0,03%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,05%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual do 0,14% e unha subida intermensual do 0,10%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a febreiro de 2022, sube Pontevedra (0,54%) e baixan A Coruña (-4,05%) e Lugo (-2,28%). A taxa galega acada entón o -0,96%, inferior á de España (-0,24%). Con respecto a xaneiro de 2023, A Coruña presenta un aumento do 0,36%, seguida de Pontevedra cun aumento do 0,11%, mentres que Lugo presenta un descenso do 0,24%. A taxa galega amosa un incremento do 0,15% con respecto a xaneiro de 2023. A taxa nacional é do 0,95%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2023	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	448.062	0,59	1,41
LUGO	121.753	0,37	-0,10
OURENSE	103.511	0,48	0,68
PONTEVEDRA	362.498	0,42	0,80
GALICIA	1.035.824	0,49	0,94
ESPAÑA	20.170.142	0,44	2,42
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	359.197	0,73	2,13
LUGO	88.534	0,54	0,75
OURENSE	80.889	0,63	1,52
PONTEVEDRA	282.915	0,49	1,22
GALICIA	811.535	0,62	1,60
ESPAÑA	16.798.761	0,51	2,95
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.605	0,03	-1,21
LUGO	31.804	-0,09	-2,31
OURENSE	22.623	-0,03	-2,23
PONTEVEDRA	67.029	0,15	-0,88
GALICIA	205.060	0,05	-1,39
ESPAÑA	3.311.051	0,10	-0,14
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.261	0,36	-4,05
LUGO	1.415	-0,24	-2,28
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.554	0,11	0,54
GALICIA	19.229	0,15	-0,96
ESPAÑA	59.361	0,95	-0,24

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>